

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA QUINCE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día quince de xaneiro de dous mil dezaseis, reúnen os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Dario A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse a seguinte

### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior 18/12/15.**

Polo señor Alcalde – presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafada, non producíndose ningunha a acta é aprobada por unanimidade.

### **2.- Recoñecemento de trienios.**

**2.1.- Solicitud de D. Miguel Díaz Besteiro**, tractorista do Concello de Láncara, solicitando o recoñecemento do 4º trienio, xa que o 16-12-2015 cumpre 12 anos de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude formulada recoñecendo o cumprimento do 4º trienio a favor do persoal laboral D. Miguel Díaz Besteiro, con efectos administrativos desde o 16 de decembro de 2015 e económicos desde o 1 de xaneiro de 2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo encargado da confección de nóminas.

### **3.- Escritos varios.**

**3.1.-Escrito de Dona María Isabel Aolo Libano**, solicitando certificación urbanística da casa nº 18 de Touville (Casa Parada) con referencia catastral 000601300PH34D0001YH.

Visto o informado pola arquitecta asesora municipal clasificando os terreos como solo rústico de protección forestal, resulta que en solo rústico as competencias en materia de disciplina urbanística están atribuídas á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio segundo se establece no artigo 214 da Lei 9/2002, de 29 de decembro, de ordenación urbanística re de protección da legalidade urbanística.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Devolver a solicitude formulada a dona M<sup>a</sup> Isabel Asolo Libano oficiándoa para que a dirixa á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para que informe de si existe expediente de reposición da legalidade urbanística contra a edificación situada no nº 18 de Toubille, rfa. catastral 000601300PH34D0001YH.

**3.2.-Informe do encargado de augas D. Luis Varela Fernández** en relación ao contador de auga de San Pedro de Láncara nº 23, de D<sup>a</sup> Dolores Crespo López, do seguinte teor literal:

“Que la propietaria del contador de auga de la vivienda de San Pedro N<sup>o</sup> 23, solicita la inspección del referido contador de auga, al observar unas lecturas muy altas en el 2<sup>o</sup> y 3<sup>o</sup> trimestre del 2015.

Personado en dicho lugar, para comprobar el contador, observando que está averiado y al desmontarlo se observa una pieza suelta en el interior de dicho contador, por lo cual se sustituye por uno nuevo.

Solicitando se estudie el consumo correspondiente al 2<sup>o</sup> y 3<sup>o</sup> trimestre del 2015, calculando una medida de consumo para su cobro, con lo que esta conforme la propietaria de dicho contador”.

Tendo en conta que a tarifa establecida polo concepto de suministro de auga ten natureza xurídica tributaria

O artigo 15 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria prohíbe a interpretación analóxica do ámbito do feito imponible, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

Considerando que a exención ou bonificación na taxa da auga non recolle beneficio fiscal algún para o caso de avaría nos elementos das instalacións do suministro de auga

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Desestimar a proposta formulada polo encargado do servizo de cobrar o consumo de auga do 2<sup>o</sup> e 3<sup>o</sup> trimestre calculado por unha media do consumo.

**3.3.-Escrito de Juan Carlos López Díaz**, sobre reposición dun contedor de lixo preto da miña vivenda en San Xoan de Muro.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude de referencia oficiando ó traballador encargado do servizo de limpeza para que adopte as medidas oportunas tendentes á execución do acordado.

Segundo.- Oficiar ó funcionario encargado do padrón da taxa pola recollida de lixo para que informe sobre a alta no padrón dun veciño chamado “José Manuel” na parroquia de San Xoan de Muro, informe que deberá facilitar

ó responsable do servizo de limpeza para que faga as averiguacións oportunas tendentes a esclarecer de que veciño se trata para facer as correccións oportunas no padrón pola recollida de lixo.

**3.4.-Escrito de dona Julia Alonso Otero**, no que expón que dende fai tempo se filtra auga procedente do saneamento da rúa Valdriz na vivenda da súa propiedade.

Considerando que existen varias denuncias de veciños que evidencian a deficiente execución de obras de acondicionamento na rúa Valdriz

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Remitir o escrito presentado por dona Julia Alonso Otero á administración titular da rúa e promotora das obras de mellora.

Segundo.- Reiterar e remitir os escritos presentados polo afectados en ocasións anteriores.

**3.5.- O da Secretaria xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.**, no que comunican as obrigas este Concello logo da clausura do vertedoiro

Visto o informe de seguimento do Plan de Vixiancia e control ambiental realizado por Iván Taboada Prego

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Remitir á Secretaria xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informe de seguimento en cumprimento das obrigas impostas a este Concello en virtude do artigo 22 da orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **4.- Aprobación do SAF mes de decembro.**

Vista a relación de usuarios do SAF básico/dependencia que achega a traballadora social do Concello correspondente ó mes de decembro de 2015, cun total de 33 usuarios por importe de 2.711,32 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Padrón de usuarios do SAF básico/dependencia

Segundo.- Dar conta á tesourería municipal para que proceda a cargar os recibos nas contas facilitadas polos interesados.

**5.- Expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial de dona Elvira Fernández Amado.**

Antecedentes.-

Primeiro.- No expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial a interesada, señora Fernández, expón que recentemente persoal que manexaba maquinaria por conta dos servizos municipais de Láncara procedeu á limpeza de varios camiños públicos da zona de Reboredo (Bande), entre eles o CAMINO DA CORTIÑA que vai ata o río, no tramo que vai dende o

lugar ata a parcela da que son propietaria denominada NAMELA DA CASA, sen que se continuase máis adiante a necesaria labor de limpeza do vial, nin se actuase sobre unha figueira obstaculizadora do normal paso polo vial. É o caso que con ocasión desa obra se afectou ó muro de peche da finca NAMELA DA CASA ó facer uso non correcto da maquinaria, Ademáis do indicado con relación ó camiño, na mesma ocasión de paso de dita maquinaria ocasionouse a rotura dunha baixante de augas pluviais existente no fronte da casa da miña propiedade (Casa Resgo).

Segundo.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 4 de decembro de 2015 concedeuse á interesada un prazo de dez días para subsanar a súa solicitude nos seguintes extremos:

1º) Presunta relación de causalidade entre as lesións e o funcionamento dos servizos públicos.

2º) Alegacións, documentos ou informacións que estime axeitadas e proposición de proba, concretando os medios de que pretenda valerse.

Terceiro.- Con data 7 de xaneiro de 2016 a interesada presenta escrito xustificativos dos traballos realizados polo persoal do Concello, extremo que nunca foi rebatido. Propón proba consistente en acreditar a realidade dos traballos e o manexo de maquinaria municipal

A secretaria interventora informa o seguinte:

*“Primeira: Para que se dé a responsabilidade da Administración é necesario que concorran os seguintes elementos, segundo reiterada xurisprudencia e artigos 139 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro*

*1.- Lesión patrimonial, no sentido de calquera dano ou perda que o afectado non teña o deber xurídico de soportar.*

*2.- Vínculo entre a lesión e o axente que a produce, entre o acto danoso e a Administración que é a autora, e polo tanto implica a súa actuación propia, como poder e no uso das súas potestades públicas. Esta conexión ten unha relevancia extraordinaria e se contempla dende a perspectiva dunha relación de causalidade entre o acto imputable e a lesión inferida, directa, inmediata e exclusiva debidamente acreditada.*

*3.- Efectiva realidade da lesión no momento actual.*

*4.- Dano material, individualizado e tamén economicamente valorable.*

*5.- Consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*

*6.- Que non sexa producido por forza maior.*

*Segunda: O segundo dos elementos sinalados na consideración anterior para que se dé a responsabilidade da Administración, un vínculo entre a lesión e o axente que a produce, entre o acto danoso e a Administración que é a autora, e polo tanto implica a súa actuación propia, como poder e no uso das súas potestades públicas. Esta conexión ten unha relevancia extraordinaria e se contempla dende a perspectiva dunha relación de causalidade entre o acto imputable e a lesión inferida, directa, inmediata e exclusiva debidamente acreditada, segundo reiterada xurisprudencia e artigos 139 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.*

*Aduce a interesada que os danos no muro de peche da finca da súa propiedade e na baixante e pluviais ocasionaronse cando persoal municipal realizaban labores de limpeza do camiño. Sendo certo que o muro e a baixante de pluviais presentan danos (xa que aporta fotografías que os evidencian), polo que resulta debidamente acreditada a realidade dos danos sufridos no patrimonio da reclamante, de xeito que se constata a existencia dun dano efectivo, individualizado, pero non avaliado economicamente como esixiría calquera reclamación de danos e perdas. Pero isto non é suficiente para declarar a responsabilidade patrimonial da*

administración, se non que falta verificar a concorrencia dun segundo presuposto cal é a existencia dunha relación causal directa e inmediata entre o dito dano e a actuación administrativa que supostamente opera determinadamente na orixe do menoscabo.

Pretende a interesada que quede acreditado que os danos no seu patrimonio son consecuencia das labores de limpeza do camiño, a través da proba da realidade dos ditos traballos. Non se negan os traballos realizados pero falta completar tal afirmación con que os danos se produciron como consecuencia deses traballos, o que podería acreditar con calquera dos medios admisibles en dereito. Así, bótase en falta no expediente de referencia a presenza de proba documental aportada pola reclamante, que ben podería ter consistido nun atestado policial ou da garda civil, ou proba pericial que acredite que efectivamente verifique que os danos do seu patrimonio foron motivados polo manexo de maquinaria municipal, e isto porque a carga da proba en canto á existencia dos danos (cuestión que aquí non se discute) e da relación de causalidade co servizo público corresponde á parte actora tal e como sinala a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Ademáis, do informe do persoal municipal responsable do manexo da maquinaria resulta que os danos na baixante de pluviais son anteriores os traballos de limpeza e que non lle consta ter derrubado pedra alguna do muro da reclamante, feito que de terse producido dariase conta

Polo que, vistos os antecedentes e os fundamentos xurídicos que preceden e demáis de pertinente e xeral aplicación conclúo:

Conclusións:

No caso que nos ocupa **non existe un vínculo** entre a lesión e o axente que a produce, conexión que implicaría, de existir, unha relación de causalidade entre o feito ou acto imputable á administración e a lesión inferida.

Procede dar audiencia á interesada para que no prazo de 10 días poida facer alegacións e presentar documentos e xustificacións que estime pertinentes. A interesada poderá propor ó órgano instructor a terminación convencional do procedemento fixando os termos definitivos do acordo indemnizatorio que estaría disposto a suscribir coa Administración Pública correspondente.

E para que así conste os efectos oportunos, este é o meu criterio, sen perxuizo de outro mellor fundado en dereito”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Conceder o trámite de audiencia á interesada ó abeiro de canto se dispón no artigo 11 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

Notificaselle para que nun prazo de **dez días**, formule as alegacións e presente os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Asemade durante o devandito prazo poderá propoñer a terminación convencional do procedemento.

Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nen aportar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

## **6.- Subvencións Xunta de Galicia.**

**6.1.-Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos**

**vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.**

Vista a Orde de referencia e tras breve deliberación. A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención individual para a proxecto de “Mellora de alumado público para servizo de actividades agropecuarias illadas” segundo anteprojecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, don Marcos Vázquez Marey cun presuposto de 45.839 euros máis 9.626,19 euros de IVE e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

Prestar aprobación ó proxecto de obra redactado para a execución dos investimentos sinalados, no que se recollen todas as actuacións que se pretenden executar ó abeiro desta convocatoria, declarando que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.

Facultar ampla e expresamente ó señor alcalde-presidente para en nome e representación deste concello proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins.

Segundo.- Aprobar a solicitude de subvención conxunta co concello de Sarria para a “Pavimentación de vías públicas municipais nos Concellos de Láncara e Sarria” segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico don José Ángel López Pérez cun presuposto de 49.704,56 euros máis 10.437,96 euros de IVE e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

Prestar aprobación ó proxecto de obra redactado para a execución dos investimentos sinalados, no que se recollen todas as actuacións que se pretenden executar ó abeiro desta convocatoria, declarando que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.

Facultar ampla e expresamente ó señor alcalde-presidente para en nome e representación da agrupación dos concellos de Láncara e Sarria proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins, con aceptación da delegación de funcións feita expresamente polo Concello de Sarria.

**6.2.-Orde do 21 de decembro de 2015 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.**

Vista a orde de referencia e tras breve deliberación, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención individual para  
- “Pista multideporte na Pobra de Sna Xiao”

Aceptando íntegramente as súas condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde:

Denominación

<u>do proxecto</u>	<u>Orzamento</u>	<u>Axuda solicitada</u>
Piasta multideporte na Pobra de San Xiao	39.995,22	31.996,17

Segundo.- Prestar aprobación á memoria explicativa do inestimento para o que se solicita subvención, tal e como esixe o artigo 20.2.d) da Orde de convocatoria.

Terceiro.- Facultar ampla e expresamente ó señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello acepte a devandita cesión, no caso de resolución favorable da consellería.

**6.3.-Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.**

Vista a orde da orde referenciada e visto o proxecto do Obradoiro de Emprego “Rio Neira” a executar conxuntamente cós concellos de Baralla, As Nogais e Triacastela, sendo o promotor da iniciativa o Concello de Lán cara,

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó proxecto do Obradoiro de Emprego “Río Neira”, que recolle as seguintes intervencións e que comezarán a partir do 16 de agosto de 2016:

– Lán cara: “Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao. Fase II”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339

– Baralla: “Acondicionamento de lavadoiros públicos e entorno de Pousada, San Xusto e Fachita” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

– As Nogais: “Acondicionamento de lavadoiro público e entorno de Castelo” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

– Triacastela: “Acondicionamento do camiño de Folgueiras” e “Acondicionamento de bascula pública e entorno de Vilabella” proxectos ambos redactados por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

Segundo.- Aceptar a delegación realizada polos concellos de Baralla, As Nogais e Triacastela para solicitar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para o Obradoiro de Emprego ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016”, e solicitar unha subvención para o devandito programa de emprego-formación.

Terceiro.- Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Láncara, segundo constan nos seus correspondentes documentos técnicos, que se acompañan á solicitude: “Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao. Fase II”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339

Cuarto.- Declarar a plena dispoñibilidade das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

Quinto.- Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión do Obradoiro, por un importe de 12.000,00 €.

Sexto.- Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenvolvemento das obras deste concello.

#### **6.4.-Resolución 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.**

Vista a orde de referencia e tras breve deliberación, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primerio.- Aprobar a solicitude de subvención para “Caldeira de biomasa no polifuncional de Campo da Feira”, aceptando íntegramente as súas condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde

Segundo.- Facultar ampla e expresamente ó señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello acepte a devandita cesión, no caso de resolución favorable da consellería.

#### **6.5.-Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade**



**Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.**

Visto a orde referenciada e visto o proxecto da ESCOLA OBRADOIRO PARA MENORES DE 25 ANOS “Río Neira” a realizar conxuntamente cós concellos de Baralla, As Nogais e Triacastela, sendo o promotor da iniciativa o Concello de Láncara,

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da ESCOLA OBRADOIRO “RIO NEIRA”, que contén as seguintes intervencións, que comezarán a partir de 16 de agosto de 2016:

– Láncara: “Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao Fase II”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

– Baralla: “Acondicionamento de lavadoiros públicos e entorno de Pousada, San Xusto e Fachita” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

– As Nogais: “Acondicionamento de lavadoiro público e entorno de Castelo” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

– Triacastela: “Acondicionamento do camiño de Folgueiras” e “Acondicionamento de báscula pública e entorno de Vilabella” proxectos ambos redactados por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

Segundo.- Aceptar a delegación realizada polos Concellos de Baralla, As Nogais e Triacastela para solicitar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para A ESCOLA OBRADOIRO PARA MENORES DE 25 ANOS ó abeiro da ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.”, e solicitar unha subvención para o devandito programa de emprego-formación.

Terceiro.- Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Láncara, segundo constan nos seus correspondentes documentos técnicos, que se acompañan a solicitude: “Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao Fase II”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339

Cuarto.- Declarar a plena dispoñibilidade das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

Quinto.- Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión da Escola Obradoiro para menores de 25 anos, por un importe de 12.000 €.

Sexto.- Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenvolvemento das obras deste concello.

**6.6.-Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se abroban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016.**

Logo de ver a orde de referencia e tras breve deliberación. A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xuño de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para “Instalación térmica en polideportivo do Campo da Feira”:

<u>Denominación do proxecto</u>	<u>Orzamento</u>	<u>Axuda solicitada</u>
Instalación térmica en polideportivo Campo da Feira	10.754,83	8.066,12

Segundo.- No orzamento deste Concello existe dispoñibilidade de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas por esa Consellería para a realización dos investimentos solicitados.

Terceiro.- Facultar ampla e expresamente ao señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins.

**6.7.-Orde do 13 de xaneiro de 2016 pola que se fan públicos os anexos da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2016.**

Logo de ver a orde de referencia e tras breve deliberación. A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xuño de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude dos seguintes servizos:

- 2 peóns.

Segundo.- No orzamento deste Concello existe dispoñibilidade de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas por esa Consellería para a realización dos servizos solicitados.

Terceiro.- Facultar ampla e expresamente ao señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins.

**6.8.-Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.**

Logo de ver a orde de referencia e tras breve deliberación. A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xuño de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude dos seguintes servizos:

- Servizo de salvamento e socorrismo da piscina fluvial: 1 socorrista.
- Servizo de limpeza de zonas de espazos naturais: 1 peón limpeza.
- Promoción do deporte: 1 monitor deportivo.

Segundo.- No orzamento deste Concello existe dispoñibilidade de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas por esa Consellería para a realización dos servizos solicitados.

Terceiro.- Facultar ampla e expresamente ao señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins.

**7.- Aprobación de contas xustificativas de subvencións da Deputación.**

**7.1.-Conta xustificativa da axuda ó abeiro da subvención da Deputación para gastos correntes das actividades culturais (Festa da xuventude).**

Vista a relación de gastos correspondentes á Festa da xuventude, co seguinte desglose:

— Grupo musical Alma Latina, C.B., factura nº 16/15, 847,00 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Declarar que o Concello de Láncara desenvolveu a actividade subvencionada segundo a memoria explicativa que de xunta.

Segundo.- Aprobar a conta xustificativa da actividade subvencionada

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida pola Deputación de Lugo	400 €
Subvención doutras administración	0 €

Outras fontes de financiamento	0 €
Fondos propios (52,77 % do custo total)	447 €
SUMA (custo total)	847 €

Terceiro.- Declarar que a actividade subvencionada foi realizada na súa totalidade de acordo coa memoria explicativa da actividade con cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención.

**7.2.-Conta xustificativa da axuda ó abeiro da subvención da Deputación para investimentos en instalacións deportivas (Adquisición dunha canastra)**

Vista a relación de gastos correspondentes á adquisición dunha canastra, co seguinte desglose.

— Sport Equipalia, factura nº F30691, 649,50€

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Declarar que o Concello de Láncara desenvolveu a actividade subvencionada segundo a memoria explicativa que de xunta.

Segundo.- Aprobar a conta xustificativa da actividade subvencionada

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida pola Deputación de Lugo	400 €
Subvención doutras administración	0 €
Outras fontes de financiamento	0 €
Fondos propios (38,41 % do custo total)	249,50 €
SUMA (custo total)	649,50 €

Terceiro.- Declarar que a actividade subvencionada foi realizada na súa totalidade de acordo coa memoria explicativa da actividade con cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención.

**7.3.- Conta xustificativa da axuda ó abeiro da subvención da Deputación para gastos correntes de promoción deportiva.**

Vista a relación de gastos correspondentes á Ximnasia e patinaxe, co seguinte desglose.

— Club Sarria Ximnasia Rítmica, 4.646,40 euros

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Declarar que o Concello de Láncara desenvolveu a actividade subvencionada segundo a memoria explicativa que de xunta.

Segundo.- Aprobar a conta xustificativa da actividade subvencionada

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida pola Deputación de Lugo	970 €
Subvención doutras administración	0 €

Outras fontes de financiamento	0 €
Fondos propios (80 % do custo total)	3.676,40 €
SUMA (custo total)	4.646,40

Terceiro.- Declarar que a actividade subvencionada foi realizada na súa totalidade de acordo coa memoria explicativa da actividade con cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención.

**7.4.- Conta xustificativa da axuda ó abeiro da subvención da Deputación para investimentos en instalación de carácter cultural e para equipamentos culturais.**

Vista a relación de gastos correspondentes á adquisición de ordenadores para a biblioteca, co seguinte desglose.

— Comercial Servicopy, SL, 1.793,22 euros

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Declarar que o Concello de Láncara desenvolveu a actividade subvencionada segundo a memoria explicativa que de xunta.

Segundo.- Aprobar a conta xustificativa da actividade subvencionada

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención concedida pola Deputación de Lugo	700 €
Subvención doutras administración	0 €
Outras fontes de financiamento	0 €
Fondos propios (60 % do custo total)	1.093,22 €
SUMA (custo total)	1.793,22 €

Terceiro.- Declarar que a actividade subvencionada foi realizada na súa totalidade de acordo coa memoria explicativa da actividade con cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención.

**8.- Solicitude de autorización de obras á Confederación hidrográfica na zona de policía do río Pombo para ponte e acondicionamento de camiño rural.**

Vista a memoria técnica para a execución das obras de “Actuaciones en camino de Trasdulfe a cementerio, en zona de dominio público hidráulico del Río Pombo, pq San Xoán de Traslite” redactadas polo enxeñeiro técnico agrícola José M<sup>a</sup> Escudero Tomás.

Tendo en conta que as obras proxectadas se encontran situadas dentro dos 100 metros de policía do Río Pombo, o que fai necesaria a autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a execución das ditas obras

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dar conta deste acordo, memoria valorada e modelo normalizado de solicitude de autorización á Confederación Hidrográfica Miño-Sil para que emita a correspondente autorización.

## **9.- Comunicacions previas obras menores.**

**9.1.-Solicitude de Don Manuel Fernández López**, para retellado dunha casa, sita en San Martiño de Río-Láncara.

Visto o informado no expediente pola señora Arquitecta Asesora Municipal, do seguinte teor literal:

*“Ref<sup>a</sup>.-Expediente de comunicación previa de inicio de obras menores para o retellado dunha vivenda unifamiliar e palleira sita en San Martiño de Río a instancia de don Manuel Fernández López.*

*Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación ó asunto de referencia, INFORMO,*

*1º.-Que a edificación sobre a que se pretende intervir emprazase en terreos clasificados como solo de núcleo rural circunscrición do núcleo rural de San Martiño (Río)(Plano de delimitación O-55) segundo establece o PXOM vixente.*

*2º.-Que as obras que pretende non deberán supoñer aumento de volumen, nin modificar as condicións de posición, nin afectar a estrutura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica constructiva sinxela. As obras cinguiranse as de substitución da lousa e do entaboado se fose o caso.*

*É polo que se informa favorable coas obrigas anteditas.*

*Base impositiva para a liquidación do ICIO segundo ordenanza municipal de aplicación.*

*(42) M<sup>2</sup> substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa a 40,00 €/m<sup>2</sup> = 20.800 €.*

*Un total de **20.800 €**”.*

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Tomar razón da verificación do cumprimento da normativa urbanística e técnica de aplicación do *retellado dunha vivenda unifamiliar e palleira en Río, obras que non deberán supoñer aumento de volumen, nin modificar as condicións de posición, nin afectar a estrutura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica constructiva sinxela. As obras cinguiranse as de substitución da lousa e do entaboado se fose o caso.*

Segundo.- Prestar aprobación ó imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 644,80 euros.

**9.2.-Solicitude de Dona Fé Incognito Fontal**, para substitución de lousa da cuberta e enfuscado de paredes dunha vivenda, sita en Saá- Cedrón-Láncara.

Visto o informado no expediente pola señora Arquitecta Asesora Municipal, do seguinte teor literal:

“Ref<sup>a</sup>.- Expediente de comunicación previa de inicio de obras menores para a substitución da lousa de cuberta e enfuscado de paredes nunha vivenda (parcela 1085 do polígono 16) sita en Saá, Santiago de Cedrón a instancia de dona Fe Incognito Fontal.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

1º.-Que a edificación emprázase en terreos clasificados como solo de núcleo rural área de circunscrición do núcleo rural de Saá, parroquia de Santiago de Cedrón, e dentro do entorno de protección do Castro de Saá (1-34), xacemento arqueolóxico incluído no Catálogo de bens protexidos do PXOM vixente.

2º.-Que a intervención que pretende non deberá supoñer en ningún caso aumento de volumen, nin modificar as condicións de posición, nin afectar a estrutura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica constructiva sinxela. **As obras na cuberta cinguiranse as de reposición da lousa do país e ocasionalmente o entaboado de cuberta se fose o caso.** O artigo 45.10 apartado 1 letra a) das Normas Urbanísticas do PXOM vixente establece para as fachadas que poderán ser de cantería e mampostería sen revestir e que excepcionalmente no caso de **ter revestimentos estes serán morteiros pintados y estucos de exteriores, prohibíndose calquera outro material de cabado.**

3º.-A Dirección Xeral do Patrimonio en resolución de decembro de 2015 resolveu autorizar as obras de substitución de lousa de cuberta e recebo de paredes.

É polo que se informa favorable coas obrigas anteditas.

Base imponible para a liquidación do ICIO segundo ordenanza municipal de aplicación.

(42) m<sup>2</sup> Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa a 40,00 €/m<sup>2</sup> X 82 m<sup>2</sup> = 3.280 €

(41) m<sup>2</sup> Revestimento monocapa para exteriores 12,00 €/m<sup>2</sup> X 171 m<sup>2</sup> = 2.052 €.

Un total de **5.332 €**”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Tomar razón da verificación do cumprimento da normativa urbanística e técnica de aplicación do retellado dunha vivenda unifamiliar en Saa de Santiago de Cedrán, obras que non deberán supoñer aumento de volumen, nin modificar as condicións de posición, nin afectar a estrutura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica constructiva sinxela. As obras cinguiranse as de substitución da lousa e do entaboado se fose o caso. Para as fachadas que poderán ser de cantería e mampostería sen

revestir e que excepcionalmente no caso de **ter revestimentos estes serán morteiros pintados y estucos de exteriores, prohibíndose calquera outro material de cabado.**

Segundo.- Prestar aprobación ó imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 165,29 euros.

**9.3.- O de dona Ana Marina Sampedro Tallos.**, no que solicita licenza para apertura de tenda de telefonía en Benigno Quiroga, nº 47, baixo A Pobra.

Logo de ler o informe técnico municipal que é do seguinte teor literal

“*Ref.*.-Solicitud de licenza de apertura de tenda de telefonía moviestar, informática video consolas, xogos e electrodomésticos na rúa Benigno Quiroga nº 47 baixo, Pobo de San Xiao, Láncara, a instancia de dona Ana Marina Sampedro Tallos.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

-Que segundo establece o artigo 24 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia establece:

1.Con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os/as interesados/as presentará ante o concello respectivo comunicación previa na cal poñerán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos e achegarán a seguinte documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación:

a)Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b)Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c)Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

d)Proxecto e documentación técnica que resulta exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.

e)A autorización ou declaración ambiental que proceda.

f)As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

g)Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

2.-Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se procede.Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no parágrafo 1 deste artigo.



É polo que compre requerirle o solicitante para que achegue comunicación previa do inicio da actividade que pretende, e no seu caso acompañada da documentación arriba indicada”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

De conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a interesada deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade.

**10.- Vehículos de servizos sanitarios e Concello; relación de saídas.**

Vistos os partes de saídas dende o 21-08-15 a 29-12-15, presentados polos sanitarios e persoal do Concello, que comencan no km 49.586 e rematan no km. 53.405, total 3.819 kms.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Darse por enterada.

**11.- Proposta de alcaldía de non conformidade coa proposta de indemnización formulada por Globalis Mutua Madrileña.**

Na Xunta de Goberno Local de 24 de novembro de 2015 adoptouse o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Requirir a GLOBALIS, GRUPO MUTUA MADRILEÑA, con CIF A-85669604, para que reintegre a este Concello o importe satisfeito pola reparación dos danos causados no tendido eléctrico municipal na parroquia de San Xoan de Muro, p.k. 5800 da estrada A Pobra de San Xiao-Carracedo, deste Concello de Láncara, con data 3 de marzo de 2015, polo camión modelo Mercedes Benz 1824L, matrícula 2977 GBK propiedade da mercantil Gestora de Subproductos de Galicia, SL, con domicilio en Lg de Areosa, s/n- Queixas, 15186 Cerceda (A Coruña), vehículo asegurado nesa compañía co número de póliza E-1781/15 6188063, dando así por resolto o sinistro 6.014.635/2015 RC amosando a conformidade á reclamación presentada. O dito importe ascende a 9.871,16 euros.*

*Segundo.- Deixar constancia expresa de que GLOBALIS MUTUA MADRILEÑA, coñece o presuposto de reparación dos danos dende o mes de abril de 2015 sen que teñan amosado a súa disconformidade nin presentado peritaxe alternativo, polo que o Concello, dado o tempo transcorrido, decide ordear os traballos de reparación e sufragalos, xa que unha parroquia deste Concello non pode estar sen luz indefinidamente perante a falta de dilixencia dunha compañía aseguradora.*

*Terceiro.- Comunicar a GLOBALIS MUTUA MADRILEÑA, que dispón dun prazo de dez días a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.*

*Transcorrido este prazo sen ter constancia de alegacións nin do pago do importe reclamado, dárase traslado ó gabinete xurídico da Deputación Provincial de Lugo para que interpoña a correspondente reclamación xudicial”.*

Con data 18 de decembro recíbese comunicación de Globalis Mutua Madrileña formulando proposta de indemnización a favor de este Concello por importe de 7.523,28 euros.

A correduría de seguros Cotes, SA, tramitadora do seguro do vehículo responsable do sinistro, confirma que dan parte do sinistro a Globalis, Grupo Mutua Madrileña, número de póliza E-1781/15 6188063, **e que pasan o presuposto da reparación do sinistro por correo electrónico con data 7 de abril de 2015. O nº de expediente do sinistro 6.014.635/2015 RC.** Non hai noticias de Globalis Mutua Madrileña aceptando nin rexeitando o presuposto presentado para reparar os danos, nin consta peritación dos danos por parte dos técnicos da compañía.

Sendo isto certo e tendo en conta que o alumeado público é un servizo mínimo obrigatorio que deben prestar os municipios, non pode esperarse case un ano a que unha entidade aseguradora acepte un presuposto de reparación dun sinistro, polo que este concello se viu obrigado a realizar as obras de reparación sin esperar á conformidade da compañía aseguradora

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Rexeitar a proposta de indemnización ofrecida por Globalis Mutua Madrileña, nº de expediente do sinistro 6.014.635/2015 RC, recibida o día 18 de decembro de 2015, considerando so satisfactorio para esta administración unha indemnización que alcance a totalidade dos gastos ocasionados por importe de *9.871,16 euros*, reintegrando a este Concello o importe satisfeito pola reparación dos danos causados no tendido eléctrico municipal na parroquia de San Xoan de Muro, p.k. 5800 da estrada A Pobra de San Xiao-Carracedo, deste Concello de Láncara, con data 3 de marzo de 2015, polo camión modelo Mercedes Benz 1824L, matrícula 2977 GBK propiedade da mercantil Gestora de Subproductos de Galicia, SL, con domicilio en Lg de Areosa, s/n- Queixas, 15186 Cerceda (A Coruña), vehículo asegurado nesa compañía co número de póliza E-1781/15 6188063, dando así por resolto o sinistro 6.014.635/2015 RC.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo de asesoramento xurídico da Deputación Provincial de Lugo ós efectos de interposición de demanda civil para reclamar a indemnización dos danos ocasionados contra Globalis Mutua Madrileña, outorgando a defensa deste Concello ó Gabinete de Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

**12.- Proposta da Alcaldía pola que se interpón recurso de reposición contra a Resolución do AGADER de 15 de decembro de 2015 de pagamento final da axuda concedida no expte – PM14-32132-0054.**

O pasado día 22 de decembro recibíuse resolución do 15 de decembro do Director xeral de AGADER, pola que se resolve o pagamento final das axudas concedidas no expediente PM14-32132-0054. Na dita resolución concédese o prazo dun mes para presentar recurso de reposición.

Pois ben, dentro do prazo conferido ó efecto fórmulanse o seguinte RECURSO DE REPOSICIÓN fundado nos seguintes:

Antecedentes de feito.-

Primeiro.- Con data 4 de xuño do 2015, o Concello de Láncara presentou perante AGADER a solicitude de pagamento da axuda correspondente a un gasto xustificado por importe de 110.830,53 euros pola execución das obras contidas no “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE, TOIRÁN, TOLDAOS, LÁNCARA E OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA”, dentro do Plan Marco: Programa mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007/2013.

Segundo.- Con data 22 de decembro de 2015 o Director xeral de AGADER resolve reducir o importe da subvención no montante de 13.576,50 euros, importe que se corresponde coa valoración das melloras ofrecidas e realizadas polo contratista adxudicatario das obras.

Terceiro.- A resolución que se recorre de 22 de decembro de 2015 é o primeiro acto administrativo que de dita no expediente e a primeira notificada a este Concello, e nelaponse en coñecemento do Concello de Láncara a perda parcial de axuda inicialmente concedida e xustificada pola súa totalidade tal e como pode comprobarse da consulta da conta xustificativa presentada. En ningún momento desde a xustificación presentada e ata a resolución de notificación de pagamento se concedeu o concello o trámite de audiencia para presentar alegacións ou xustificacións ao respecto que puideramos considerar pertinentes.

Consideracións xurídicas.-

PRIMEIRA.- A resolución do Director xeral de AGADER, pola que se resolve o pagamento final das axudas concedidas no expediente PM14-32132-0054 reducindo o importe da axuda inicialmente concedida a este concello por importe de 13.576,50 euros **é nula de pleno dereito** por estar incurso nunha causa de nulidade das establecidas no artigo 62 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, concretamente na causa do apartado e) “Son nulos de pleno dereito os actos administrativos **ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido**”.

O procedemento establecido para declarar a perda parcial ou total das axudas concedidas a unha entidade beneficiaria regúlase no artigo 61 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que é da seguinte teor literal:

*“1. Producirase a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia de algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.*

*2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobro da subvención será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia”.*

O artigo 31.5º o mesmo texto normativo establece que **“O pago da subvención realizarase *previa xustificación*, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o cal se concedeu **nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.**”**

*Producirase a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia de algunha das causas previstas no artigo 33 da presente lei”.*

En consecuencia, para proceder a declarar a perda do dereito ó cobro duha subvención, aínda que sexa parcial como no caso da resolución do Director xeral de AGADER de 15 de decembro de 2015 comunicada a este concello, débese acudir ó procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que textualmente di nos apartados que aquí interesan:

*“1. O procedemento de reintegro de subvencións rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades que se establecen na presente lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.*

**3. Na tramitación do procedemento garantirase, en todo caso, o dereito do interesado á audiencia”.**

O trámite de audiencia, o dereito a ser oído do concello de Láncara, **omitido por AGADER**, ditando unha resolución que por fin á vía administrativa e que supón a perda parcial da axuda por importe de 13.576,50 euros da subvención concedida para o proxecto **“PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE, TOIRÁN, TOLDAOS, LÁNCARA E OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA”**, sen garantir, tal e como esixe o artigo 38.3 da Lei 9/2007, o trámite de audiencia, sin permitir alegar ó Concello de Láncara nin aportar a documentación que estimáramos conveniente, é determinante da nulidade da resolución recorrida xa que o artigo 38.3º da Lei 9/2007 configura o **dereito de audiencia como un requisito esencial e que se debe garantir, en todo caso**, a calquera beneficiario de subvencións.

SEGUNDO.- Fundamenta AGADER, dunha maneira equivocada, para minorar o pagamento final da axuda a este Concello, que o Concello de Láncara vulnerou a normativa en materia de contratación pública (artigos 86.1º

e 87.1º do TRLCSP) sobre a determinación do obxecto e a certeza do prezo do contrato.

Esta fundamentación que AGADER ampara no Informe 3/2015, do 25 de xuño, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da CAG, **non podemos aceptala desde a nosa perspectiva de administración beneficiaria da subvención, que é a posición xurídica que ostenta o Concello de Láncara fronte AGADER no expediente de concesión de axudas dentro do Plan Marco**, en base ó seguinte:

- O obxecto do contrato de obra “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE, TOIRÁN, TOLDAOS, LÁNCARA E OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA” subvencionado por AGADER e executado polo Concello de Láncara e o seu obxecto son as intervencións definidas no proxecto técnico de obras aprobado e aportado polo Concello, e que foi sometido á supervisión de AGADER, polo que o obxecto contractual está perfectamente determinado e executado conforme ós requisitos e características do Plan Marco, programa de camiños de titularidade municipal.
- O prezo do contrato consistirá nun prezo certo que deberá expresarse en euros, requisito que tamén cumpre o expediente de contratación da obra “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE, TOIRÁN, TOLDAOS, LÁNCARA E OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA” toda vez que a retribución ó contratista adxudicatario ascendeu a 110.830,53 euros tal e como consta das facturas e certificacións de obra remitidas para a xustificación da subvención.

TERCEIRO.- A utilización como criterio de adxudicación do contratista da realización de melloras de obra consistentes nunha maior cantidade ou calidade das contidas no proxecto técnico; a posibilidade de que os licitadores ofrezan melloras, ten cobertura legal no artigo 147 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que dispón que cando na adxudicación se teñan en conta criterios distintos do prezo, **o órgano de contratación poderá tomar en consideración as variantes ou melloras que ofrezan os licitadores**, sempre que o prego de cláusulas administrativas particulares prevea expresamente tal posibilidade (cuestión que cumpre o prego de cláusulas que rexeu a adxudicación do contrato). No art. 150 dise que para a valoración das proposicións e a determinación da oferta económica máis ventaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, seguido dunha enumeración de criterios a utilizar e concluíndo coa expresión “ou outros semellantes”. Simplemente esixe, que no caso de que se utilice un so criterio de adxudicación este sexa o prezo máis baixo. Tampouco se exclúen as melloras ou variantes como criterio de adxudicación na resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de 20 de novembro de 2014, na que se detallan os requisitos e características do Plan Marco.

Polo tanto, non é posible trasladar a valoración económica da mellora, 13.576,50 euros, a unha rebaixa do prezo e polo tanto minorar a aportación de AGADER no expediente de subvención PM14-32132-0054. Tal proceder equivaldría a que non fose posible establecer as melloras como criterio de adxudicación nos expedientes de contratación de obras.

E non é este o criterio da Lei, nin nada se establece na resolución reguladora da subvención, xa que o artigo 147 do TRLCSP permite establecer nos pregos como criterios de adxudicación do contratista os **criterios da mellora e do prezo, ambos, polo que non poden ser excluíntes nen producir os mesmos efectos de baixa no importe da licitación**, e por ende para o caso de proxectos subvencionados, de redución do importe da subvención, pois de ser así a lei contemplaría como posible un único criterio de adxudicación e este sería o prezo á baixa.

Polo que a consideración da mellora de obra como “ampliación do obxecto contractual” tal e como mantén o Informe da XCCACAG antes citado, mellora-ampliación do obxecto contractual que non comporta maior achega de AGADER nin supón aumentar o prezo do contrato por enriba do importe da adxudicación, non pode traducirse nunha redución do importe da subvención polo importe no que se valoran as melloras realizadas, toda vez que a mellora realizada polo contratista adxudicatario e cuestionada por AGADER **non pode operar de idéntica maneira que a baixa no prezo como criterio de adxudicación**, pois de ser así o lexislador non tería definidos ambos criterios de adxudicación como distintos e independentes na regulación dos criterios de selección do contratista.

CUARTA.- Por último, compre sinalar que a decisión de AGADER de establecer unha sanción consistente na redución da financiación polo importe da mellora obtida no procedemento de contratación, non se contempla na Resolución de novembro de 2014, nin en outra documentación ou comunicación ao concello, nin se pode incluír en motivo algún dos que establece a lei de subvencións como causas de reintegro da subvención, pois o concello, de conformidade coa lexislación en materia de subvencións, cumpriu co disposto na resolución reguladora, xustificou a axuda perante o órgano concedente, así como a realización das obras e o cumprimento da finalidade que determinaba a concesión da subvención, cumprindo as condicións impostas, así como as medidas de difusión que se contemplaban e presentando a documentación requirida aos efectos de control.

Polo exposto, a actuación do Concello de Láncara realizando os investimentos previamente aceptados por AGADER, na confianza de que serían subvencionados, con tramitación do expediente de contratación conforme á normativa vixente é motivo suficiente para o pagamento da totalidade da axuda xustificada por importe de 110.830,53 euros, e en consecuencia,

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, ACORDA:

**SOLICITAR ó DIRECTOR XERAL DE AGADER** que teña por presentado este escrito e por interposto RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra a resolución de data 15 de decembro de 2015, siga o procedemento polos seus trámites legais para dictar no seu día resolución pola que anule a resolución recurrida e anule a resolución de pagamento de axuda final que minora a subvención xustificada no importe de 13.576,50 euros e dicte outra resolución de pagamento con efectos inherentes de pago da totalidade da axuda concedida e xustificada polo Concello de Láncara por importe de 110.830,53 euros.

### **13.-Autorización de gastos. Contratos menores.**

#### **13.1.- Contratos menores.**

No expediente de solicitude formulada por Isidro Braña Castiñeira, con D.N.I. 33.306.383-Z, de uso dun local para impartir un curso de informática os sábados dende o 17-10-2015 ao 17-05-2016, de 10:00 a 12:00 horas.

Requirido pola xunta de goberno local en sesión realizada o día 29 de outubro de 2015 para que concretarse os termos da súa solicitude

Logo de ler o artigo 79.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, indica “2. Os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente salvo a Entidades ou Institucións públicas e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro”.

O artigo 106 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas, precepto básico, indica:

#### *“Artigo 106 Contratos para a explotación de bens patrimoniais*

*1. A explotación dos bens ou dereitos patrimoniais poderá efectuarse a través de calquera negocio xurídico, típico ou atípico.*

*2. Serán de aplicación a estes negocios as normas contidas no capítulo I do título V desta lei.*

*3. Os contratos para a explotación dos bens ou dereitos patrimoniais non poderán ter unha duración superior a 20 anos, incluídas as prórrogas, salvo causas excepcionais debidamente xustificadas.*

*4. Poderán concertarse contratos de arrendamento con opción de compra sobre inmobles do Patrimonio do Estado con suxeición ás mesmas normas de competencia e procedemento aplicables aos alleamentos.*

*Por outra banda, o artigo 107 do mesmo texto legal prevé que “1. Os contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais adxudicaranse por concurso salvo que, polas peculiaridades do ben, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa. As circunstancias determinantes da adxudicación directa deberán xustificarse suficientemente no expediente”.*

Visto o informe valoración do ben asinado pola arquitecta asesora municipal que acredita que o valor en venda do ben ascende a 13.590,50 euros, prezo que debe entenderse en cómputo anual, a razón de 1.132,54 euros mensuais, e 37,75 euros diarios.

Tendo en conta que o uso do local solicitado limitarase ós sábados de mañá, polo que o uso pode considerarse limitado a un cuarto do día, co que o uso pode ser considerado un sábado ó mes.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato privado de arrendamento de local situado no anexo á Casa Consistorial a Isidro Braña Castiñeira, os sábados pola mañá de 10:00 a 12:00 horas, por importe de 37,75 euros cada mes máis IVE.

**14-Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.**

**14.1.-Siemens**, fac. nº 0093598482, cota aluger de 30-01-2016 a 27-02-2016, 362,92 €.

**14.2.-Confederación Hidrográfica Miño-Sil**, xustificante nº 991 617 152416 5, liquidación Cánon de Control de Vertidos do ano 2013 E.D.A.R. de Pobra de San Xiao, 446,26 €.

**14.3.- Airis Technology Solutions SL**, fac. nº 54, puntos de luz Campo da Feira, 333,96 €.

**14.4.-Mercedes Maseda Martínez**, fac nº 1/16, pago honorarios servizo urbanístico decembro, 719,95 €

**14.5.-Salvador Diz Cerviño**, fac. nº 01/01, nóminas persoal decembro 471,90 €.

**14.6.- Overlease.**, fra. V216001411, aluguer batería vehículo 6659 HTK, 118,42 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

**15-Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.**

**15.1.-M<sup>a</sup> Sabina López Capon**, fac nº 1, diverso material, 335,96 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

**16.-Asuntos de urxencia.**

Non houbo.



E non tendo máis asuntos de que tratar polo señor alcalde-presidente levántase a sesión sendo as doce trinta horas do que eu, secretaria dou fe.